

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E EMPRESAS (PEMES) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN DIRECTAMENTE VINCULADO CO COVID- 19

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Ante a situación de emerxencia de saúde pública provocada polo COVID-19 cómpre reforzar a investigación o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, a través do investimento de fondos públicos mediante axudas destinadas a cubrir o investimento en produtos e servizos necesarios para fomentar as capacidades de resposta á crise nos servizos de atención sanitaria.

A Axencia Galega de Innovación, GAIN, neste contexto de emerxencia sanitaria, publicou na súa páxina web o día 20 de marzo de 2020 unha chamada para identificar as capacidades do Sistema Galego de Innovación na loita contra o novo coronavirus. Recibíronse mais de 170 propostas para as que GAIN procedeu a realizar unha selección previa e aqueles proxectos que se consideraron mais axustados ao chamamento realizado, foron sometidos a avaliación por parte de axentes especializados externos ao sistema galego de I+D+i.

Que estes instrumentos teñen por obxecto:

Establecer as bases reguladoras das axudas que GAIN concede a empresas que lideran os proxectos seleccionados directamente vinculados ca COVID-19.

Para apoiar estes proxectos no contexto actual foi preciso garantir a necesaria axilidade nos procedementos de concesión de axudas, polo que se considerou procedente o procedemento de concesión directa mediante convenios que se subscribiron coas entidades seleccionadas.

Coa finalidade de non ter que realizar a tramitación individual de cada un dos convenios e tendo en conta que as cláusulas dos mesmos serían similares, variando unicamente ademais do beneficiario as actividades do proxecto a financiar así como o seu custo, considerouse oportuno elaborar un modelo tipo de convenio que se asinou con cada unha das empresas beneficiarias.



Os convenios e importes dos proxectos financiados por GAIN con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.770.0, código de proxecto 2016.05, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020 foron os seguintes:

Beneficiario	Título do proxecto	Importe da axuda 2020
Applied Mass Spectrometry Laboratory	Rápida e sinxela detección molecular in-situ de SARS-CoV-2, sen requirimento de instrumentación, mediante LAMP	71.190,50 €
SETGA S.L.U.	CABINAS ESTELIZADORAS UVA: STERIONICS UV-C254	134.764,79 €

Conforme aos límites establecidos no artigo 25 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE nº 187, do 26 de xuño de 2014) ao tratarse de pemes e de proxectos de innovación a intensidade da axuda será do 50%. As subvencións concedidas serán incompatibles con outras axudas ou subvencións.

Que as achegas de GAIN no marco destes convenios están destinadas ao financiamento de aqueles gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre a data de presentación polo beneficiario da manifestación de interese e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio, para dar cumprimento ao efecto incentivador establecido no artigo 6 do Regulamento UE 651/2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

